



IES Mugardos

Capítulo I

Documento 1
Plan Anual

Documento 2
Horario xeral do centro

Documento 3
*Organización de servizos
complementarios*

Programación Xeral Anual (PXA) 2013-2014

Documento 1: PLAN ANUAL

1.O centro.....	4
1.1. Edificio e equipamento	
1.2. Accesos e aparcamento	
2. Alumnado.....	7
2.1. Unidades e matrícula	
2.2. Resultados académicos do curso anterior	
3.Profesorado.....	10
4. Persoal de administración e servizos.....	11
5. Obxectivos e medidas.....	12
6. Organización.....	13
6.1. Órganos de goberno unipersoais	
6.2. Órganos de goberno colexiados	
6.2.1. Consello Escolar	
6.2.2. Claustro docente	
6.2.3. Comisión de Coordinación Docente	
6.3. Tutorías	
6.4. Departamentos e equipos docentes.	
6.4.1. Departamento de Orientación	
6.4.2. Equipo da Biblioteca	
6.4.3. Equipo de Dinamización Lingüística (EDL)	
6.4.4. Dinamizacións	
6.5. Xunta de delegados/as	
6.6. ANPA	
6.7. Empresas colaboradoras (PCPI)	
7. Plans e programas.....	20
7.1. Fomento da lectura	
7.2.1. Plan de Mellora da Biblioteca Escolar	
7.2.2. Clubs de lectura	
7.2. Contratos-Programa	
7.2.1. Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA)	
7.2.2. Programa para o Éxito Escolar na procura da excelencia	
7.3. Aprendizaxe de linguas estranxeiras	
7.3.1. CUALE.	
7.3.2. Seccións bilingües	
7.3.2. Auxiliar de conversa	

7.4. Proxecto Abalar	
7.5. Plan Proxecta	
7.5.1. Parlamento Xove	
7.5.2. Deportivo de Centro.	
7.5.3. Rede de Centros Escolares Solidarios	
7.5.4. Aliménta-T ben.	
7.5.5. O monte vivo	
7.6. Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)	
7.6.1. COMBAS	
7.6.1. TIC: aula virtual	
7.7. Comenius Regio	
8. Recursos económicos.....	26

Documento II: HORARIO XERAL DO INSTITUTO

1. Calendario escolar.....	27
1.1. Calendario de avaliacións e outras reunións para o curso 2013-2014	
2. Horario escolar.....	29
2.2. Gardas de transporte.	
2.3. Gardas de clase.	
2.4. Gardas de recreo	
2.5. Gardas de biblioteca	
2.6. Atención á diversidade	
3. Horario de atención ao público da secretaría.....	31
4. Horario do persoal de limpeza.....	31

Documentos III: ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS

COMPLEMENTARIOS

3.1. Transporte.....	34
3.2. Cafetería.....	34

Documento 1: PLAN XERAL

1. O centro

NOME: IES de Mugardos
ENDEREZO: Rúa do Cristo s/n
15620 MUGARDOS (A Coruña)
Tel.: 981472074 - Fax: 981470818
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdemugardos/ies.mugardos@edu.xunta.es>

1.1. Edificio e equipamento

O edificio que alberga o IES MUGARDOS atópase no chamado Monte da Pandoira, promontorio situado na parte alta da vila de Mugardos dende o que se divisa gran parte da ría de Ferrol. Trátase dunha construción de planta rectangular cuns 100 metros de lonxitude orientada en dirección leste-oeste.

O edificio consta dun único espazo interior ao que se abren toda as dependencias, distribuídas en catro subniveis comunicados por corredores, ramplas e escaleiras. É destacable a case ausencia de barreiras arquitectónicas.

No primeiro subnivel (semisoto) atópanse a biblioteca, o salón de actos, sala de caldeiras, almacén, dúas aulas pequenas, aula de tecnoloxía (antigo ximnasio), vestiarios, servizos e despacho dos profesores de Educación Física. No segundo subnivel (planta baixa) están os despachos dos cargos directivos, a secretaría, a conserxería, o local da ANPA e para recibir aos pais e nais, a cafetería, as taquillas do alumnado, o departamento de Orientación, cuarto de limpeza, servizos, departamentos Filosofía e Física e Química e os laboratorios de Química e de Física (na actualidade este laboratorio está ocupado por unha aula de informática); no terceiro subnivel atópanse 11 aulas de clase (50 m² cada unha), a aula de música, a aula de informática. No cuarto subnivel están unha aula de 40 m², unha pequena aula con capacidade para 10 alumnos, aula de orientación, departamentos, sala de profesores, laboratorio de Ciencias, servizos de alumnado e aula e departamento de Debuxo-Tecnoloxía.

Un dos sinais de identidade do centro é a distribución desde hai bastantes cursos das aulas por materias. Hai aulas asignadas a departamentos: Lingua Galega (aula 1), Filosofía e Economía (aula 2), Lingua Castelá (aula 3), Matemáticas (aula 4), Física-Química e Bioloxía (aula 5), Xeografía e H^a (aula 8) e Inglés (aula 11) de xeito que a maior parte do tempo de ocupación destas aulas corresponde a materias dos departamentos “propietarios” que deben responsabilizarse do mantemento das mesmas. Só os grupos de 1.º e 2.º ESO mais 1.º PCPI teñen aulas fixas.

En xeral, as instalacións manteñen un aceptable estado de conservación. Presentan algunhas deficiencias como a necesidade dunha capa de pintura e de limpeza no interior e nas altas columnas

que confiren ao edificio a súa peculiar estrutura. Esta demanda xa se presentouse hai varios cursos e estamos esperando o ditame da Unidade Técnica que se desprazou ao centro para emitir o seu informe.

O equipamento do centro procede na maior parte da dotación da Consellería de Educación. Esta equipación vai sufrindo desgaste e na medida do posible vai sendo renovada. Anualmente dedícase unha partida do orzamento á adquisición de materiais didácticos solicitados polos departamentos. A dotación relacionada coas novas tecnoloxías mellorou o curso pasado debido á incorporación do centro ao Proxecto Abalar, ao PLAMBE –mellora substancial na biblioteca- e ao Contrato-Programa -pizarra electrónica para a aula 12.

Na actualidade as aulas asignadas aos departamentos están dotadas todas con proxector e seis aulas están dotadas de pizarra electrónica (aulas 4, 5, 9, 10, 11 e 12).

A dirección comezou a elaborar un estudo sobre a viabilidade técnica e económica dunha segunda aula de infomática do que irá dando conta ao longo do curso.

1.2. Accesos e aparcamento

O acceso rodado ao instituto de Mugar dos realízase por unha única vía de circulación que remata en varias zonas de aparcamento ás portas do centro, sen outra saída que o mesmo camiño de entrada. A disposición da rúa, en lixeira pendente, tampouco axuda a mellorar a visibilidade e dificulta as manobras de xiro.

A rúa do Cristo neste treito está sinalizada como zona escolar, con velocidade máxima a 40 km/h e conta cun paso de peóns.

As aceras non son moi anchas e nalgún punto excesivamente estreitas e con obstáculos: unha farola dun lado e un contenedor de recollida de lixo do outro. Ademais, non existe continuidade da beiravías entre a porta do instituto e o acceso aos autobuses. Os peóns deben atravesar sempre o aparcamento.

Ao non poder entrar os buses ata a porta do instituto, a parada de carga e descarga do transporte escolar realízase na rúa do Cristo, nun punto non visible desde o propio centro. Ademais, os martes ás 18:00 horas os autobuses agardan polo alumnado na rúa de subida.

Os períodos de máxima confluencia de vehículos son as entradas e saídas segundo o horario do centro. Nestes momentos xúntanse na contorna do instituto:

- Tres autobuses da compañía Arriva: transportan case a metade do alumando.
- Vehículos dos profesores/as: variable segundo os días, pero case nunca menos de dez turismos.
- Vehículos de pais e nais de alumnos: non cuantificado.
- Peóns: alumnado de Mugar dos e mais da urbanización próxima.

Non é infrecuente que os autobuses deban realizar manobras de marcha atrás para cambiar de sentido da marcha.

Para os labores de vixilancia o instituto designa gardas de transporte consistentes nun membro do equipo directivo durante os dez/quinze minutos de entrada e saída. Ata o curso actual, para esta garda non abandonaba o recinto escolar.

A Policía Local realiza un servizo de control de tráfico a primeira hora da mañá.

A principal medida para solucionar esta situación pasa pola apertura e urbanización da nova rúa de servizo ao futuro museo proxectado no campo de propiedade municipal. Mentres non se acomete esta obra que posibilitará a circunvalación do tráfico e a existencia de paradas máis axeitadas para o transporte escolar, cremos necesario propor as seguintes medidas:

- Sinalización:
 - Sinalización horizontal: límite de velocidade a 30 km/h ou incluso 20 km/h.
- Vixilancia:
 - Coordinación coa Policía Local.
 - Establecer un punto estratéxico para a ubicación do profesor de garda.
- Recomendacións aos usuarios do aparcamento:
 - Deixar o vehículo no aparcamento preparado directamente para saír sen necesidade de dar marcha atrás.
 - Nas saídas, non mover o coche ata que pasen todos os peóns.

Proposta de melloras perante a Xefatura Territorial:

- Solución ás filtracións de auga detectadas en varios puntos da cuberta e que, por exemplo, son visibles, na aula 4 e pingueiras considerables na aula 5 a comezos deste mesmo curso.
- Reparación das paredes cubertas de baldosíns en perigoso estado de desprendemento.
- Estudo de actividade das gretas aparecidas en varios puntos.
- Continuidade das melloras na iluminación emprendidas o curso pasado.
- Necesidade dunha capa de pintura e de limpeza no interior e nas altas columnas que confiren ao edificio a súa peculiar estrutura. Esta demanda xa se presentouse hai varios cursos e estamos esperando o ditame da Unidade Técnica que se desprazou ao centro para emitir o seu informe.

Propostas de mellora perante o Concello de Mugardos:


- Axuda para podar as árbores do xardín. Estudo do caso da palmeira.
- Aumento da seguridade vial: reordenamento do aparcamento con criterios de seguridade vial e apertura da rúa que permita a circunvalación do tráfico.

2. Alumnado

O centro conta oficialmente con 380 postos escolares para 8 unidades de ESO e 4 de Bacharelato. Porén, a baixada da natalidade e a mobilidade en idade laboral que conduce a un avellentamento da poboación véñse reflectindo repetidamente na matrícula dos últimos anos.

Mugardos é un concello que ten actualmente 5.475 habitantes, dos cales no pasado mes de xuño 586 estaban en paro. En conxunto, cos datos da poboación activa do IGE estaríamos falando dun 26,04% da poboación, pero en particular no tramo de menores de 25 anos a taxa de parados é do 45,33 % (sendo a masculina de 54,76 %).

Se esta cifra xa é de por si preocupante, queremos ter en conta tamén o baixo nivel formativo dos demandantes de emprego, o que reduce claramente as súas posibilidades de atopar traballo: nos menores de 25 o 73,53 % só posúen estudos básicos, e nos maiores de 45 a cifra elévase ata o 81,74 %.



O número total de alumnos/as matriculados este curso é de 235, vinte e un máis que o curso pasado. Este lixeiro repunte débese principalmente ao aumento da demanda da educación de persoas adultas (ESA).

		Homes	Mulleres	
ESO	1.º ESO - A	7	8	15
	1.º ESO - B	7	8	15
	2.º ESO	11	12	23
	3.º ESO - A	12	7	19
	3.º ESO - B	10	10	20
				<i>(Curso anterior: 118)</i>
Bacharelato	1.º BAC - A	6	12	18
	1.º BAC - B	18	10	28
	2.º BAC - A	6	15	21
	2.º BAC - B	6	9	15
				<i>(Curso anterior: 79)</i>
	1.º PCPI	3	4	7
	2.º PCPI	5	3	8
				<i>(Curso anterior: 17*)</i>
	ESA (adultos)	10	9	19
				<i>*Incluía os adultos</i>
		112	123	235


Tamén se imparte no centro o Programa CUALE (cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras) na materia de Inglés na modalidades A1, A2 e B1 con 42 alumnos e alumnas en total.

2.2. Resultados académicos do curso anterior

Logo da avaliación extraordinaria de setembro estes foron os resultados globais do curso 2012-2013:

	1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO		1º BAC		2º BAC	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Promocionan	16	72,7	29	80,55	21	67,7	26	89,6	31	75,6	27	73
Non promocionan	4	18,2	5	13,9	8	25,8	3	10,4	10	24,4	10	27
Prom Imp. Legal	2	9,1	2	5,55	2	6,5	-	-	-	-	-	-
Total	22		36		31		29		41		37	

Deste xeito podemos comparalos cos datos porcentuais dos últimos cursos:



Nos grupos da ESO, salientan os preocupantes resultados en 1.º ESO. Só o 72 % consegue promocionar con avaliación positiva. A metade do grupo tivo que presentarse a algunha proba da convocatoria de setembro, a maioría con máis de catro materias suspensas en xuño. As razóns desta situación xa foron analizadas ao longo do curso pasado e poderían reproducirse este ano.

En 2.º ESO, que foi un dos grupos nos cales tivo maior incidencia o Programa de Mellora, produciuse un lixeiro repunte con respecto a cursos anteriores.

O único grupo cunha porcentaxe de aptos inferior ao 70% segue a darse en 3.º ESO. A cuarta parte non promociona e repite con máis de catro materias suspensas na convocatoria extraordinaria de setembro.

Os resultados de cuarto, co 100% de titulados no grupo de PDC, son en aparencia os mellores da ESO. Porén, como xa se reflectía o curso pasado, continúa a preocupante ausencia de excelencia: non houbo alumnado que optase ao premio extraordinario de 4º ESO.

No bacharelato mantense a tónica dos cursos anteriores, ao redor do 75% de promoción con avaliación positiva. Nesta promoción resulta significativa a maior titulación no bacharelato de ciencias e tecnoloxía, 16 propostas de título e 3 con avaliación negativa, fronte ao bacharelato de humanidades e ciencias sociais, con 11 propostas de título e 7 que non promocionan.

Polo que se refire aos resultados globais, aprézanse algunhas diferenzas por sexos. A promoción da ESO foi de oito puntos favorables ás mulleres e a porcentaxe de repetición masculina dobrou a feminina. Con todo, mantémonos dentro dos compromisos de acurtar estas diferenzas asumidos polo

contrato-programa dos últimos cursos. Pola contra, a situación volve a ser máis acusada no bacharelato.

ESO					
	Promocionan	Non promocionan	Promocionan imperativo legal	Totais	
Mulleres	49 (77%) 50 (82%)	11 7 (11%)	4 4 (7%)	64	61
Homes	45 (79%) 42 (74%)	9 13 (23%)	3 2 (3%)	57	57

BACHARELATO					
Mulleres	30 (75%) 36 (84%)	10 7 (16%)	-	40	43
Homes	25 (69%) 22 (63%)	11 13 (37%)	-	36	35

En letra miúda os datos do curso 2011-2012

3. Profesorado

O claustro do IES Mugardos no curso 2013-2014 está composto por 35 profesores/as. Deles, 33 contan con destino definitivo no centro e unha delas, da materia de Grego, comparte praza no IES Canido; dous están desprazados por falta de horario nas materias de Francés e Filosofía; e a titular de Orientación atópase en comisión de servizos polo que está cuberta por unha profesora en réxime de interinidade. Os dous profesores restantes son o de Relixión e un de Ciencias Sociais con Inglés como materia afín en réxime de interinidade por necesidades do centro.

Tamén presta servizos cun horario semanal de 12 horas unha auxiliar de conversa en Inglés procedente de EE.UU. E por último, dous días á semana (catro horas) acode ao centro unha profesora de apoio de Audición e Linguaxe para atender unha alumna con necesidades especiais. Esta profesora ten a súa praza no CEIP Unión Mugardesa.

En canto á distribución xeográfica do profesorado é a seguinte: nove residen nos concellos de Mugardos e Ares (tres e seis, respectivamente); trece residen na cidade da Coruña e arredores; e doce na comarca de Ferrolterra.

Por sexos, o número de profesoras é de 21 (60%) e de profesores 14 (40%).

En canto á idade, a media ronda os 49 anos. É posible, ademais, que ao longo do curso se produzan dúas xubilacións.

Entre outras moitas calidades é un claustro activo, solidario e comprometido, capaz de organizar e participar en moitas actividades demostrando eficiencia e capacidade para afrontar tarefas en equipo. Cómpre recalcar a dispoñibilidade de todo o profesorado para colaborar coas tarefas do centro e co equipo directivo. As relacións entre compañeiros son cordiais e o ambiente de traballo, agradable.

Para este curso un importante número de profesores e profesoras teñen solicitado participar no Plan de Formación Permanente do Profesorado. Sobreparamos o 40 por cento mínimo do claustro esixido e no plan inclúense dous itinerarios: un de COMBAS que continúa o labor iniciado o curso pasado e outro de TIC centrado na potenciación da aula virtual Moodle.

Concedéronse cinco Proxectos de carácter interdisciplinar e temos aprobado un Comenius Regio de colaboración internacional coa cidade de Cardiff en Gales.

Continúa activo o Equipo da Biblioteca encargado da xestión e dinamización do Plan Lector dentro do o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia e os Clubs de Lectura.

Nos Contrato-Programa veñen participando uns doce profesores na modalidade de Éxito Escolar e por primeira vez solicitamos o Programa de Reforzo, Orientación e Apoio con cinco docentes propios do centro.

4. Persoal de Administración e Servizos

O centro conta no seu cadro de persoal cunha auxiliar administrativa, dous subalternos, tres limpadoras (dúas laborais fixas e outro contratado a media xornada) e unha coidadora necesaria para atender a unha alumna que o necesita. O subalterno José Antonio Castro Guerra ocupa a vivenda do centro.

5. Obxectivos para o curso 2013-2014

Mantemos as dúas **metas** principais do noso ideárium como centro de ensino público:

- Conseguir unha ensinanza de calidade, é dicir, que teña como parámetros a relevancia, a eficacia, a eficiencia e a equidade para que o maior número de estudantes obteña bos resultados.
- Conseguir a formación do alumnado no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e respecto dentro dos principios democráticos de convivencia.

Con estas metas como referentes propoñemos os seguintes **obxectivos xerais para o curso**:

Medidas	Obxectivos xerais de centro
Contratos Programa: Mellora do Éxito Escolar e PROA <i>Renovación do Grupo de Traballo e das actividades inscritas no contrato programa.</i>	1.1. Axudar ao alumnado con necesidades de reforzo, orientación e apoio. 1.2. Propiciar o cambio de modelo do alumnado na procura da excelencia.
Proxecto Lector <i>Continuación das medidas de fomento da lectura postas en marcha nos últimos cursos entre as que salienta o labor da biblioteca dentro do Plan de Mellora; a convocatoria dos Clubs de Lectura; e o mantemento da HORA DE LER.</i>	1.3. Mellorar os índices lectores do alumnado.
Proxecto Lingüístico <i>Apoio ás actuacións do Equipo de Dinamización Lingüística encamiñadas á normalización e uso da lingua galega en todos os sectores da comunidade educativa. Consolidación da presenza das linguas estranxeiras no centro coa existencia dunha auxiliar de conversa, as seccións bilingües na ESO e o programa CUALE.</i>	1.4. Fomentar o uso na vida académica de todas as linguas con presenza no centro en xeral, e do galego en particular. 1.5. Actualizar as medidas de acollemento de alumnado procedente doutras comunidades.
Plan de Orientación <i>Funcionamento plenamente operativo do Servizo de Mediación.</i>	1.6. Xestionar a resolución dos conflitos a través da participación do alumnado.
Proxectos Solidarios <i>Realización das tradicionais actividades de concienciación e recadación de fondos: rastro solidario, campaña de Nadal...</i>	1.7. Implicar as familias.
Outros: Proxecta; PFPP; Comenius <i>Participación en diversos programas de formación e apoio á acción educativa.</i>	1.8. Propiciar cambios metodolóxicos na práctica docente a través de programas de innovación educativa e a formación permanente do profesorado.

Ademais, establecemos estoutros **obxectivos específicos** para o curso 2013-2014 coa colaboración indispensable da comunidade educativa:

1. Incorporar o Programa de Reforzo e Apoio (PROA) ás modalidades do contrato programa no cal xa contamos co Programa de Mellora para o Éxito Escolar.
2. Atender ao alumnado de Educación Secundaria de Adultos de xeito específico coa ampliación da matrícula e o horario de apertura do centro polas tardes.
3. Revisar o funcionamento da Aula de Diversidade e reactivar as aula-materia.
4. Promover a participación do profesorado:
 - 4.1. Programas de innovación educativa: Proxecta.
 - 4.2. Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con dous itinerarios: COMPAS e TIC.
 - 4.3. Iniciar a experiencia en proxectos europeos: Comenius Reggio.
5. Actualizar a documentación do centro.


6. Organización.

6.1. Órganos de goberno unipersoais

O actual equipo foi elixido para un período de catro cursos: 2013-2017.

DIRECTOR	Serafín Álvarez Rodríguez
VICEDIRECTORA	Ofelia Lubián Dubra
XEFA DE ESTUDOS DE SECUNDARIA	Luz Pardo Orosa
XEFE DE ESTUDOS DE ADULTOS	Jesús Conde Lourido
SECRETARIO	Rafael Lago Santamaría

O [proxecto de dirección](#) pódese consultar na rede:



6.2. Órganos de goberno colexiados

6.2.1. Consello Escolar

Este curso hai que efectuar unha renovación parcial dos representantes do profesorado cubríndose as vacantes coas persoas que quedaron de suplentes nas eleccións do curso pasado: Pilar Calvo e Isabel Seoane.

Consello Escolar	
PRESIDENTE	Serafín Álvarez Rodríguez
SECRETARIO	Rafael Lago Santamaría
XEFA DE ESTUDOS DE SECUNDARIA	María Luz Pardo Orosa
XEFE DE ESTUDOS DE ADULTOS	Jesús Conde Lourido
REPRESENTANTES DO PROFESORADO (7)	Begoña Allegue Rodríguez
	José Barcia Díaz
	Chelo Gundín Rei
	Carmen Meiriño González
	Leticia Ogando López
	Pilar Calvo Adegá
	Isabel Seoane Sánchez
REPRESENTANTES DO ALUMNADO (4)	Pablo Berciano Allegue
	Verónica González Regueiro
	Javier Maceiras Silvar
	Mercedes Pereira Rodríguez
REPRESENTANTES DOS PAIS E NAIS (2)	María Pilar Callejón Jimeno
	M ^a Belén Rey García
REPRESENTANTE DA ANPA "O Castro"(1)	Luis Manuel Brage Varela
REPRESENTANTE DOPERSOAL NON DOCENTE (1)	M ^a Josefa Martínez Vidal
REPRESENTANTE DO CONCELLO (1)	Xosé Antón Bouza Rei
REPRESENTANTE DAS EMPRESAS COLABORADORAS NOS PCPI (1)	Juan José Vilar Rico

6.2.2. Claustro docente

As características do claustro están descritas no apartado “profesorado”.

6.2.3. Comisión de Coordinación Docente

Reunirase unha vez ao mes: os venres, das 11:35 ás 12:25 horas, de xeito que se unha reunión non remata nese tempo continúa o seguinte venres. Está composta polos seguintes membros:

M ^a José Naveira Bouza	Orientación
Allegue Rodríguez, Begoña	Grego
Álvarez Rodríguez, Serafín	Director
Barcia Díaz, José	Tecnoloxía
Cabalar Fernández, Olga	Música
Calvo Adegá, Pilar	Inglés
Conde Lourido, Jesús	X E Adultos
Cotelo Suárez, Santiago	Relixión
González Fernández, Ana M ^a	Lingua castelá
González Pérez, Marta	Debuxo
Gundín Rey, Consuelo	Dinamización Ling.
Lago Santamaría, Rafael	Latín
Lubián Dubra, Ofelia	Filosofía. Extraescolares
Rodríguez-Moldes, Covadonga	Matemáticas
Meiriño González, María del Carmen	Economía
Ogando López, Leticia	Ed Física
Pousa Antelo, Manuel Ramón	Xeografía e H ^a
Recio Sánchez, M ^a Olga	Francés
Retuerto Franco, Félix	Bioloxía e Xeol
Rodríguez Rodríguez, Teresa	Física e Química
Rodríguez-Moldes Rey, Covadonga	Matemáticas
Seoane Sánchez, Isabel	Lingua Galega
Vilas García, Luciano	PT

6.3. Tutorías

Unha das claves do funcionamento do centro é a distribución e organización das tutorías. No IES Mugardos os titores/as de ciclo (1º ciclo ESO, 2º ciclo ESO, Bacharelato e PCPI-ESA) teñen reunións coa orientadora para planificar o traballo, analizar a marcha dos grupos e organizar actividades; ademais, a hora presencial de tutoría por cursos na ESO está en conexión o que favorece a planificación do traballo.

Para facilitar a comunicación entre o centro e as familias están previstas varias reunións seguindo o calendario de avaliacións. A primeira reunión correspondente á preavaliación será no mes de outubro.

Con respecto ao curso pasado, a estrutura organizativa do centro variou lixeiramente na ESO. Existe unha soa tutoría de 1º de ESO desdoblado en dous grupos, un só grupos de 2º ESO, dous grupos de 3º de ESO e un só de 4º ESO, este ano sen Programas de Diversificación Curricular. Ademais, como novidade separamos o grupo de 2.º PCPI do numeroso grupo formado pola ESA que aumentou considerablemente a súa matrícula.

Horario de atención a pais e nais Curso 2013-2014

	TITORES/AS		Atención a pais
1.º ESO-A	Errose Landa e	<i>Lingua Castelá</i>	Luns, 9:35-10:25
1.º ESO-B	M.ª José Naveira	<i>Orientadora</i>	
2.º ESO	Verónica Pérez	<i>Matemáticas</i>	Venres, 9:35-10:25
3.º ESO-A	José Luis Mayobre	<i>Matemáticas</i>	Venres, 12:45-13:35
3.º ESO-B	Carmen Bernabéu	<i>Física e Química</i>	Venres, 9:35-10:25
4.º ESO	Chelo Gundín	<i>Lingua Galega</i>	Xoves, 10:45-11:35
1.º BAC-A	Maite Pernas	<i>Lingua Castelá</i>	Venres, 10:45-11:35
1.º BAC-B	Leticia Ogando	<i>E. Física</i>	Venres, 9:35-10:35
2.º BAC-A	Juan Carneiro	<i>Ciencias Sociais</i>	Mércores, 11:35-12:25
2.º BAC-B	Gabriela Sánchez	<i>Inglés</i>	Luns, 12:45-13:35
1.º PCPI	Juan Arnott	<i>Ed. Física</i>	Venres, 9:35-10:25
2.º PCPI	Telmo de Paz	<i>Lingua Castelá</i>	Martes, 16:00-16:45
ESA	Juan José González	<i>Ciencias Sociais</i>	Martes, 11:35-12:25
	Begoña Allegue	<i>Grego</i>	Venres, 13:35-14:25
	Serafin Álvarez	<i>L. Galega</i>	Martes, 10:45-11:35
	José Barcia	<i>Tecnoloxía</i>	Xoves, 11:35-12:25
	Olga Cabalar	<i>Música</i>	Luns, 9:35-10:25
	Pilar Calvo	<i>Inglés</i>	Xoves, 12:45-13:35
	Jesús Conde	<i>Matemáticas</i>	Luns, 9:35-10:25
	Santiago Cotelo	<i>Relixión</i>	Xoves, 11:35-12:25
	Ana González	<i>L. Castelá</i>	Venres, 9:35-10:25
	Marta González	<i>Ed. Plástica</i>	Mércores, 10:45-11:35
	Rafael Lago	<i>Latín</i>	Luns, 12:45-13:35
	Edmundo López	<i>C. Naturais</i>	Martes, 10:45-11:35
	Ofelia Lubián	<i>Filosofía</i>	Venres, 10:45-11:35
	Mara Meiriño	<i>Economía</i>	Xoves, 11:35-12:25
	Luz Pardo	<i>Inglés</i>	Xoves, 10:45-11:35
	Manuel Pousa	<i>C. Sociais</i>	Mércores, 11:35-12:25
	Olga Recio	<i>Francés</i>	Xoves, 10:45-11:35
	Félix Retuerto	<i>C. Naturais</i>	Xoves, 10:45-11:35
	Teresa Rodríguez	<i>Física e Quím.</i>	Luns, 11:35-12:25
	Covadonga R. Moldes	<i>Matemáticas</i>	Xoves, 11:35-12:25
	Isabel Seoane	<i>L. Galega</i>	Luns, 10:45-11:35
	Luciano Vilas	<i>PT</i>	Venres, 12:45-13:35
	M.ª José Naveira	ORIENTACIÓN	Martes, 16:20-17:10

Cita previa telefónica
981 472074

6.4. Departamentos e equipos docentes

6.4.1. Departamento de Orientación

Formado pola xefa do departamento María José Naveira, o mestre de Pedagogía Terapéutica Luciano Vila e as titoras do ámbito científico Marta González e do ámbito lingüístico Chelo Gundín.

6.4.2. Equipo da Biblioteca

Está formado polos seguintes membros: Begoña Allegue (coordinadora), Maite Pernas, Errose Landa, Chelo Gundín, Olga Recio, e Serafín Álvarez. Todos eles teñen como mínimo unha hora de garda de biblioteca así como as gardas de recreo na biblioteca.

6.4.3. Equipo de Dinamización Lingüística (EDL)

Coordinado pola profesora Chelo Gundín e os representantes da comunidade educativa.

6.4.4. Dinamizacións

Dinamizadores de centro para o curso 2013-2014				
Específicas	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	APOIO Á XESTIÓN ECONÓMICA	BIBLIOTECA
	Félix Retuerto	Chelo Gundín	Santiago Cotelo	Begoña Allegue
Propias do centro	ACTIVIDADES DEPORTIVAS	PROXECTOS SOLIDARIOS	CLUB DE LECTURA	MEDIO AMBIENTE
	Juan Arnott	Leticia Ogando	Chelo Gundín	Ofelia Lubián

6.5. Xunta de Delegados

A participación do alumnado no desenvolvemento das actividades do centro canalízase a través dunha Xunta de Delegados. Está composta polos delegados dos distintos grupos, todos eles elixidos por sufraxio universal.

1º ESO- A	Delegado: Subdelegada:	Diego Filgueira Cerviño Andrea Marcos Paradela
1º ESO-B	Delegada: Subdelegada:	Marta Rumbo María Sánchez
2º ESO	Delegado: Subdelegado:	Andrea Platas Rey Xurxo Romero Vila
3º ESO- A	Delegada: Subdelegado:	Nuria Paz Regueiro Pablo Rañales Pérez
3º ESO-B	Delegada: Subdelegado:	Ainoa Platas Rey Jota Casteleiro

4º ESO	Delegado:	Javier Maceiras Silvar
	Subdelegada:	Sara Vázquez Rumbo
1º-A BACH	Delegada:	Iria Regueiro Cruz
	Subdelegada:	Sabela Martínez Carro
1º-B BACH	Delegado:	Juan Escudero
	Subdelegado:	Carlos Rodeiro
2º-A BACH	Delegado:	Pablo Ameneiro
	Subdelegada:	Sara Freire
2º-B BACH	Delegada:	Aida Prieto Ríos
	Subdelegada:	Nerea Vázquez Callejón
1º PCPI	Delegada:	Elisabeth Vilar
	Subdelegado:	Brais Seoane Gusano
2º PCPI	Delegado:	Antonio Núñez Teijeiro
	Subdelegado:	Brayan Fernández Valdivia
Consello Escolar		Verónica González Regueiro
Consello Escolar		Pablo Berciano Allegue
Consello Escolar		Javier Maceiras Silvar
